

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GARDERÍA E ALMORZO NO COLEXIO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE JOSÉ MARÍA LAGE

Artigo 1 °. - Fundamento e natureza.

De acordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello procede a regulación do prezo público por actividades reguladas pola presente ordenanza.

Artigo 2°. — Concepto.

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten a inclusión no programa desenvolto polo concello de Ortigueira “Almorzos na escola”, dirixido ós nenos/as matriculados no C.E.I.P. José M^a Lage durante a duración do curso escolar en días lectivos. Os usuarios e usuarias do servizo ALMORZO NA ESCOLA poden ser diarios ou ocasionais:

a) Usuario/a diario: aquel/a usuario/a que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos.

b) Usuario/a ocasional: aquel/a usuario/a que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos. Ten que solicitarlo ao coordinador/a do Programa no centro social presencialmente ou, en circunstancias excepcionais, por teléfono, en horario de 9:00 a 14:00 horas do día anterior ao da utilización do servizo.

Artigo 3°. -Modalidades.

As modalidades son :

A.- Diario con almorzo

B.- Diario sen almorzo

C.- Opcionais con almorzo

Artigo 4°. - Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza, quen se beneficie das actividades prestadas por este concello as que se refire o artigo anterior. En concreto, os pais, titor e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a patria potestade dos nenos/as que estén matriculados no C.E.I.P. .

Artigo 5 °. — Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a seguinte:

* Cota mensual polo servizo diario con almorzo: 30,93 €

* Cota mensual polo servizo diario sen almorzo: 25,77 €

* Cota diaria polo servizo ocasional con almorzo: 4,12 €

2. A utilización ocasional quedará supeditada á existencia de prazas suficientes.

Artículo 6º. - Normas de xestión.

A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace desde o momento no que se inicia a prestación do servizo, debendo facerse efectiva en metálico na intervención municipal ou en calquera das entidades bancarias con sede no concello de Ortigueira nas que teña conta o Concello. Existirá tamén a posibilidade de domiciliar os recibos

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.